



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE XUÑO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **EDIFICACIÓN**

**LIC/2357/2011.- SUSANA VAZQUEZ LOPEZ.-** Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pousada de Bando.

**LIC/2443/2011.- RAFAEL SABUCEDO PEREIRAS.-** Construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Vilasatrexe, 55A

**LIC/247/2012.- ROBERTO VILLAVERDE PEREZ.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Moas de Abaixo-Figueiras 874IB.

#### **OBRA Y APERTURA**

**LIC/1833/2010 e LAP/284/2010.- MERCASH SAR SL.-** Licenza de obras de legalización e ampliación de nave industrial e acondicionamento para almacén e venda de produtos de alimentación ao por maior na Vía Edison, parcela 255.

#### **OUTRAS**

**LIC/911/2008.- ROSA MARÍA GARCÍA VILLAR.-** Modificación da licenza outorgada na sesión do 30/11/2010, para rehabilitación de edificio na Travesía de Fonte do Ouro, 23.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

LIC/1001/2012.- MIGUEL ANGEL GARCIA PEREZ.- ..... LIC/1969/2004 ..... 1.400 €

LIC/1026/2012.- MARIA NIEVES VAZQUEZ QUITANS.- ..... LIC/2242/2009 .....  
1.624,26 €

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Aprobáronse axudas de carácter social por un importe de 9.511,05 €, para axudas de aluguer, manutención e gastos excepcionais.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da diminución do importe das axudas mapis "Gastos excepcionais puntuais" e incremento das axudas mapis "Gastos de manutención".**

Aprobouse unha modificación en dúas partidas orzamentais da Concellaria de Asuntos Sociais. Concretamente diminuíu en 12.000 € a partida de Gastos Excepcionais-MAPIS e aumenta a partida de Gastos Manutención-MAPIS polo mesmo importe.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da II Feira Internacional de Emprego.**

A XGL aprobou esta proposta da Concelleira de Emprego para poder realizar a II Feira Internacional de Emprego. Esta acción ten un presuposto de 76.000 €, cos que se poderán levar a cabo os diferentes Programas e Actividades recollidos dentro da Feira tales como:

- Sesións concertadas de selección de candidatos.
- Xornadas Internacionais.
- Exposición-Feira de empresas oferentes de emprego.
- Encontros de empresas para as dinámicas de cooperación inter-empresarial.

#### **7.- Autorización da transmisión da caseta da Praza de Abastos NC137 da que é titular Pilar Gonzalez Botana, a súa filla Pilar Sanchez González por xubilación.**

Autorízase a transmisión.

**8.- AUTORIZACION TRASMISION POR XUBILIACIÓN DAS CASETAS NC005 E NC169 DAS QUE E TITULAR ANTONIO GOMEZ RAMOS A FAVOR DE DELIO GÓMEZ RAMOS.**

Autorízase a transmisión.

**9.- Transmisión por xubilación de casetas da praza de abastos NC120 e NC121 das que é titular Pilar Gonzalez Bonata a favor da súa filla Consuelo Sanchez González.**

Autorízase a transmisión.

**10.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 110, por inhabilitación xudicial do actual titular, a favor do seu fillo JOSE MANUEL BARREIRO BARDANCA.**

Autorízase a transmisión.

**11.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE E RESCATE DAS CASETAS NC61-62 DA PRAZA DE ABASTOS POR FALECIMENTO DO TITULAR.**

Apróbase a proposta.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á ampliación de horario do uso de instalacións do CEIP Pío XII para o verán 2012 pola asociación de nais e pais do alumnado.**

Resolveuse favorablemente a solicitude da ANPA A Ferradura de Compostela do CEIP Pío XII pola que se autoriza o uso de instalacións do CEIP Pío XII en horario de 7:45 ás 15:00 horas.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico relativa a autorización para a celebración de cacharelas/sardiñadas na noite de San Xoán.**

Aprobáronse as solicitudes presentadas para a celebración de cacharelas e sardiñadas de S. Xoán tanto para a zona urbana como para a zona rural.

**14 a 50.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**51.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación de solicitude de bonificación no imposto sobre bens inmobles.**

Denégase a solicitude.

**52.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á Aprobación Inicial do Estudo de Detalle do polígono 29 (P-29) do PXOM. Cornes III.**

Apróbase a proposta.

**53.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección do erro aritmético, parcela 69, do Proxecto de Expropiación para conexións exteriores Plan especial San Lázaro.**

Apróbase a proposta.

**54.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección do erro aritmético, parcela 57, do Proxecto de Expropiación Monte do Gozo.**

Apróbase a proposta.

**55.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á apertura dos prazos de solicitude e procedemento de admisión na escola infantil municipal de Salgueiriños. Curso 2012-2013.**

Aprobouse o prazo de admisión para a Escola de Salgueiriños: entre o 22 de xuño e o 9 de xullo.

**56.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de Escolas Deportivas.**

A XGL aprobou as bases da convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de Escolas Deportivas correspondentes ao primeiro semestre de 2012 cunha dotación orzamentaria de 12.000 €.

**57.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da liquidación da actividade "Programa Municipal de Conciliación para a Semana Santa 2012".**

Apróbase a proposta.

**58.- Xustificación da anualidade 2011 do convenio asinado coa Fundación Eugenio Granell con data de 11 de novembro de 2008.**

Xustifícase a anualidade.

**59.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas á aprobación de reclamacións contra a asignación do complemento de produtividade do 1º e 2º semestre do ano 2011.**

Estímense dous recursos.

**60.- Dar conta do informe favorable relativo á solicitude da sala Capitol de ampliación de horario de peche do 18 ao 23 de xuño de 2012.**

Dáse conta do informe.

## **URXENCIAS**

1.- Adxudícase a realización do programa Escolas de Verán á empresa Actex por importe de 129.000 euros.

2.- Adxudícase a realización da Escola de Verán de Inglés á empresa Picadilly School of English por importe de 38.000 euros.